CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Analiza e comenta textos relevantes dos/as principais filósofos/as da historia, definindo e explicando os conceptos, ideas e problemas presentes neles.		
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Relaciona as distintas teorías filosóficas de autores e escolas con enfoques diversos, sinalando os aspectos nos que se asemellan, se complementan ou se opoñen, comparando as distintas aportacións do conxunto da historia.		
CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Comprende e expón as distintas circunstancias sociais e culturais de cada época que se relacionan coa formulación dos problemas e teorías filosóficos da historia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Compara a forma de tratar ou responder ás mesmas problemáticas filosóficas en distintos momentos da historia, dende distintas escolas ou autores.		
CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Aporta conclusións e valoracións propias, na realización de traballos (individuais ou cooperativos), demostrando a comprensión e a relevancia dos problemas filosóficos.	TI	11
CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	Intervén nas actividades cunha actitude dialogante, recoñecendo a validez da diversidade de ideas e buscando conclusións comúns a partir do respecto e do espírito cooperativo.		
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Recoñece a influencia e o valor das ideas filosóficas ó longo da historia en distintos medios de índole non-filosófica (como textos historiográficos, literarios, científicos, etc.)		
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Elabora xuízos propios sobre problemáticas éticas ou cívicas da actualidade a partir da comprensión de ideas e teorías filosóficas da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A filosofía española no século XX: do raciovitalismo de Ortega y Gasset á razón poética de M. Zambrano. - O pensamento galego no século XX.

UD	Título da UD	Duración
11	Filosofía contemporánea nos séculos XX e XXI	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Analiza e interpreta fontes de información relevantes para comprender a historia da filosofía, a partir do coñecemento dos contextos, os problemas e as teorías dos distintos autores e autoras.		
CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Expresa de xeito escrito e oral as ideas pertinentes mediante unha argumentación adecuada, evitando falacias e opinións dogmáticas ou inxustificadas.		
CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Explica con claridade os aspectos principais das teorías filosóficas máis relevantes da historia, indicando os problemas ós que responden ditas teorías.		
CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Analiza e comenta textos relevantes dos/as principais filósofos/as da historia, definindo e explicando os conceptos, ideas e problemas presentes neles.	PE	89
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Relaciona as distintas teorías filosóficas de autores e escolas con enfoques diversos, sinalando os aspectos nos que se asemellan, se complementan ou se opoñen, comparando as distintas aportacións do conxunto da historia.		
CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Comprende e expón as distintas circunstancias sociais e culturais de cada época que se relacionan coa formulación dos problemas e teorías filosóficos da historia.		
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Compara a forma de tratar ou responder ás mesmas problemáticas filosóficas en distintos momentos da historia, dende distintas escolas ou autores.		
CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Aporta conclusións e valoracións propias, na realización de traballos (individuais ou cooperativos), demostrando a comprensión e a relevancia dos problemas filosóficos.		
CA3.4 - Soste o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	Intervén nas actividades cunha actitude dialogante, recoñecendo a validez da diversidade de ideas e buscando conclusións comúns a partir do respecto e do espírito cooperativo.	TI	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Recoñece a influencia e o valor das ideas filosóficas ó longo da historia en distintos medios de índole non-filosófica (como textos historiográficos, literarios, científicos, etc.)		
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Elabora xuízos propios sobre problemáticas éticas ou cívicas da actualidade a partir da comprensión de ideas e teorías filosóficas da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. - A crítica aos totalitarismos no século XX: da dialéctica da ilustración na Escola de Frankfurt á banalidade do mal en H. Arendt. - A creba do pensamento filosófico occidental. - Alén do suxeito da modernidade. Posmodernidade, deconstrución e pensamento feble. - O xiro lingüístico na análise dos problemas filosóficos. Wittgenstein e a filosofía analítica. - O existencialismo. - A analítica do ser-aí. Heidegger. - Existencia humana e liberdade radical. Sartre. - O pensamento feminista desde a ilustración. - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir. - O pensamento feminista na actualidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As orientacións metodolóxicas nesta materia orientanse a:

- Espertar a curiosidade e interese do alumnado polos problemas suscitados noutras etapas históricas mediante a planificación de contextos e estratexias de aprendizaxe que o acheguen ao seu contexto vivencial, establecendo similitudes con problemas actuais.
- Propiciar a autonomía na busca e procesamento da información para os temas tratados.
- Promover a lectura e análise de textos filosóficos e a elaboración de comentarios sobre eles que inclúan reflexións críticas argumentadas.
- Propoñer a planificación e elaboración, por parte das alumnas e dos alumnos, de traballos de investigación ou creación que potencien a relación da filósofa ou filósofo con outras materias e contextos culturais.

- Mellorar as estratexias de procura de información, xestión e creación de coñecemento a través da Rede.
- Formular as diversas actividades con diferente grao de complexidade en función dos recursos cognitivos necesarios para realizalas, coa dobre finalidade de atender á diversidade dentro da aula e permitir unha autoavaliación axeitada e unha motivación progresiva cara a niveis de maior complexidade.
- Promoverase nos alumnos e nas alumnas a capacidade de determinar cales son as súas propias necesidades de información, tanto xeral coma específica e como satisfacelas ensinándolle a distinguir a información e súa calidade e pertinencia.
- Finalmente, o exercicio da composición fomentará a capacidade de determinar enfoques propios a temas tradicionais, xunto coa capacidade de establecer relacións e de argumentar, habilidades todas elas necesarias para acadar-la madurez intelectual.

En cada unidade o profesorado presentará unha selección de textos (aqueles seleccionados para a ABAU) e exercitará a técnica de lectura, comprensión e expresión escrita e oral do alumnado tendo de referencia o vocabulario filosófico específico.

A metodoloxía será activa e participativa, na que ao mesmo tempo se propiciará a escoita activa do alumnado entre si tamén do profesorado.

Ao inicio da materia expóranse os instrumentos de avaliación a aplicar nas distintas unidades didácticas e a súa ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avalíaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas que poderá empregar o alumnado para a súa autoavaliación ou coavaliación.

Cada unidade didáctica contará cos seguintes elementos:

1. Unha selección de textos filosóficos (referencia os propostos pola CIUG).
2. Unha explicación teórica por parte da profesora ou profesor para achegar os contidos.
3. Exercitación da técnica de lectura e comprensión de textos.
4. Exercitación da expresión escrita e oral en base ao vocabulario técnico e a precisión conceptual que requira cada teoría filosófica.

O tipo de actividades que se levarán a cabo tratarán de favorecer distintos estilos e ferramentas de aprendizaxe e consolidación de contidos, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a, traballando o afondamento en diversos aspectos da historia da filosofía. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos elaborados polo docente,
Selección de textos filosóficos.
Aula virtual con recursos en rede (vídeos, materiais auxiliares de consulta/divulgación filosófica, páxinas web).
Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces
Caderno de notas a elaborar polo alumnado.

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas.

A aula virtual na web do centro servira como plataforma de contidos, como lugar de entrega de traballos, ferramenta de avaliación e como instrumento de comunicación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso realizarase: a) un test sobre os conceptos fundamentais da primeira unidade, e b) comezarse a traballar con textos filosóficos cando se chegue á segunda unidade, de forma oral e colectiva na aula, o que permitirá unha observación directa do grao de comprensión e de expresión dos contidos da materia. Tras explicar o procedemento para a composición de comentarios de texto, xunto coa exposición da rúbrica que se empregará no curso, realizarase un primeiro comentario que servirá para avaliar máis pormenorizadamente a comprensión lectora, a expresión escrita e o manexo dos conceptos e ideas filosóficos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	10	7	9	9	10	9	10	9
Proba escrita	89	89	89	89	89	89	89	89	89	89
Táboa de indicadores	11	11	11	11	11	11	11	11	11	11

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	100
Proba escrita	89	89
Táboa de indicadores	11	11

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación en cada unha das avaliacións serán os seguintes:

- As probas escritas ou exames ponderaranse cun 80% da cualificación global (ata 8 puntos na nota de cada avaliación). O 80% da cualificación correspondente ós exames desglosarase da seguinte forma:

- Unha proba global ó final do trimestre (sobre tódolos contidos impartidos no trimestre) á que lle corresponderá un 50% da nota trimestral. A proba global terá o formato da proba da ABAU, compoñéndose dun comentario de texto e unha pregunta de desenvolvemento teórico.

- Unha proba parcial ó que corresponderá un 30% da nota trimestral, que consistirá nun comentario de texto.

- O conxunto dos controis tipo test ponderaranse cun 10% da cualificación global (ata 1 punto na nota de cada avaliación). Ó remate de cada unidade didáctica farase un control composto por preguntas tipo test para que o alumnado vexa avaliada a súa adquisición e comprensión dos contidos antes da realización das probas parciais e

globais.

- As actividades ponderaranse cun 10% da cualificación global (ata 1 punto na nota de cada avaliación). En cada trimestre o alumnado terá que entregar un comentario de texto co que traballará algún dos textos seleccionados pola CIUG para a ABAU.

- Ofreceráse ó alumnado a posibilidade de realizar actividades voluntarias (cuxo contido e cualificación dependerá do formato proposto, que pode incluír traballos de investigación, traballos creativos ou de síntese sobre os contidos desenvolto) que servirán para mellorar a súa cualificación trimestral.

Os instrumentos de avaliación correspondentes a estes criterios serán avaliados tendo en conta unha rúbrica con indicadores que se presentarán na aula ou que poderá consultar o alumnado.

A cualificación correspondente a probas escritas ou actividades poderase ver anulada se se dá algunha das circunstancias contempladas no apartado 9.2 desta programación (uso de medios fraudulentos, plaxio, etc.).

Na avaliación final a cualificación será o resultado da media aritmética da nota obtida nas tres avaliacións trimestrais. Para facer esta media terase en conta a media exacta, con decimais, obtida en cada unha das avaliacións.

As medias exactas correspondentes ás avaliacións aproxímanse a números enteiros para establecer a nota do boletín tendo en conta os seguintes criterios:

- Redondearase a nota ó enteiro superior máis próximo sempre que a cifra das décimas sexa igual ou superior a un 7 e a nota se corresponda cun resultado positivo (igual ou superior a un 5, é dicir, non se poderá acadar o 5 por redondeo a partir dun 4).

- Redondearase a nota ó enteiro superior máis próximo se a cifra das décimas é igual ou superior a un 5, se a nota se corresponde cun resultado positivo (igual ou superior a un 5) e ademais se cumpra a seguinte condición: que a/o alumna/o entregara tódalas actividades propostas no trimestre e obtivera unha valoración positiva con elas.

- Redondearase a nota ó enteiro inferior máis próximo nos casos restantes.

A avaliación considerarase superada positivamente cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

A modo de observación cómpre sinalar que as porcentaxes incluídas no apartado 3.3 para a avaliación de cada unidade didáctica son de carácter orientativo e tentativo. Na distribución do peso (%) asignado a cada criterio de avaliación (CA), sobre todo preténdese manter a estrutura dos criterios de cualificación, do 90% de probas escritas e 10% de actividades, non obstante non é posible concretar con exactitude o peso de cada criterio de avaliación por unidade asignándoo a un único instrumento (táboa de indicadores ou proba escrita), posto que algúns criterios de avaliación serán tidos en conta tanto para probas escritas como para actividades avaliadas con táboa de indicadores, polo que sería preciso desdobralos e relacionalos con ambos instrumentos.

Criterios de recuperación:

As probas de recuperación realizaranse ó final de cada avaliación ou ó comezo da seguinte, sobre as unidades avaliadas durante ese trimestre, de xeito que a proba de recuperación permita subir a nota nesas unidades.

Estas probas de recuperación terán unha estrutura e contido análogo ás probas ordinarias realizadas durante o curso. Ás probas de recuperación pode presentarse calquera alumno/a que suspendese a avaliación ou que queira mellorar a súa cualificación. Estas probas ponderaranse co 90% correspondente ás probas escritas e controis. O alumnado poderá opcionalmente mellorar a nota correspondente ás actividades refacendo aquelas actividades que obtivesen unha cualificación negativa (inferior a 5).

O docente poderá propoñer a realización de actividades específicas adicionais para favorecer a adquisición dos coñecementos e competencias adecuados para recuperar a avaliación.

Trala avaliación final (ordinaria), o alumnado que non superara a materia poderá optar a realizar unha proba de avaliación extraordinaria en xuño. Para a avaliación extraordinaria de xuño seguiranse os criterios acordados polo Departamento, atendendo principalmente ós contidos mínimos da materia, empregando como instrumento de avaliación unha proba escrita que gardará, na medida do posible, a semellanza coa estrutura e os contidos das probas ordinarias, podendo variar na súa extensión se se estima necesario para poder abordar a avaliación dos contidos dos diferentes bloques que compoñen o conxunto da materia.

Para obter un resultado positivo na avaliación extraordinaria de xuño será preciso que o alumnado obteña un mínimo de 5 puntos (nunha escala do 0 ó 10) na proba escrita.

6. Medidas de atención á diversidade

O proceso de ensino-aprendizaxe precisa ser individualizado segundo as necesidades do alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación. Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aula, favorecendo o acceso aos recursos e a convivencia. 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles. 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos. 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería. 5) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado. 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Deseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requirán modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras). En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Propóranse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

A materia de Historia da Filosofía é un instrumento perfecto no traballo escolar común na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao promover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se vén especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) coa metodoloxía planificada será a clave.

A Historia da filosofía fundaméntase en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet son outros dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo: 1) Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. 2) - Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. 3) Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpíada Filosófica	Presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica na categoría de Disertación Filosófica, Fotografía ou Video a determinar.	X	X	

Observacións:

A Olimpíada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía.

No caso de bacharelato a modalidade específica é Disertación, ferramenta que se traballa durante o curso, tendo como complementarias Video e Fotografía.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.

Metodoloxía empregada
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados
Medidas de atención á diversidade
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado
Clima de traballo na aula
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
11. Coordinación cos demais docentes e coas familias/titores legais.

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens, correspondendo co remate das unidades didácticas e a realización das probas que se desenvolven en cada avaliación trimestral, para poder adiantarse ós cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados

1. 9.1 DATAS E PRAZOS. CONDICIÓN PARA A REPETICIÓN DE PROBAS

Coa suficiente antelación, o profesor informará ó alumnado sobre as datas previstas para a realización de probas escritas e, se é o caso, sobre os prazos de presentación de traballos. As probas previstas non se cambiarán de data sen que exista un motivo claramente xustificado. No caso da ausencia prevista dun/dunha alumno/a a unha proba, o propio alumnado ou os seus pais/nais/titores legais deberán avisar con antelación; se se trata dunha ausencia imprevista o pai/nai/titor legal deberá notificar a súa ausencia ó centro esa mesma mañá. A proba só se repetirá coa entrega dun xustificante de rigor (xustificantes médicos, certificados, etc.) que indique día e hora do motivo que impediu á/ó alumna/o realizar a proba. Este xustificante deberá ser entregado no día no que o/a alumno/a volva ó centro.

2. 9.2 MEDIDAS PREVISTAS PARA OS CASOS DE FRAUDE NA REALIZACIÓN DAS PROBAS OU PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

Se na realización de exames ou na presentación de traballos se atopasen probas de que estes foron copiados ou falsificados, mediante a utilización fraudulenta de apuntamentos, chuletas, teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico, a cualificación dos mesmos será de cero. A principio de curso comunicáranse ó alumnado unha serie de normas que deben cumprir para que os exames non sexan anulados.